

Declaración conxunta do AECT Rio Minho ante o impacto do Covid-19

O AECT Rio Minho trasladou aos gobernos de [España](#) e [Portugal](#) unha declaración conxunta asinada polos rexidores e rexidoras das câmaras municipais e dos concellos do territorio transfronteirizo do río Miño. O [documento](#) recolle unha serie de demandas sociais e económicas, algunhas de carácter inmediato, de cara ao proceso de volta á normalidade que se desenvolverá durante as próximas semanas e meses.

[Joint Statement_English](#)

[Declaração conjunta_Português](#)

[Declaración conxunta _ Galego](#)

[Declaración conjunta _ Español](#)

O AECT Río Miño traslada aos gobernos de España e Portugal unha declaración conxunta con demandas específicas para o restablecemento da normalidade na fronteira

O AECT Río Miño trasladou hoxe aos respectivos gobernos centrais de [España](#) e [Portugal](#) unha declaración conxunta asinada polos representantes das câmaras municipais e dos concellos do territorio transfronteirizo do río Miño a partir das conclusións da [reunión telemática mantida entre os e as rexidoras o pasado martes 28 de abril](#). O documento recolle unha serie de demandas sociais e económicas, algunhas de carácter inmediato, de cara ao proceso de volta á normalidade e o restablecemento da normalidade na fronteira que se desenvolverá durante as próximas semanas e meses, segundo explicou o deputado de Cooperación Transfronteiriza e director do AECT Río Miño, Uxío Benítez.

O documento establece como prioridade a **apertura inmediata de novos pasos fronteirizos no territorio para a facilitación do tránsito dos traballadores e traballadoras** que deben cruzar cada día o río para acudir aos seus postos de traballo. Así mesmo, solicita “o **restablecemento da libre circulación entre países cando rematen os estados de alarma español e portugués**, condicionada esta aos controis de saúde necesarios”, e “no caso de que se prolongue o control de fronteiras” pide que se valore “a **posibilidade de facilitar o paso de residentes entre concellos fronteirizos**”, explicou Uxío Benítez.

Ademais de solicitar coordinación entre ambos os Estados, o texto reclama a apertura de novos pasos fronteirizos como medida inmediata para o restablecemento da normalidade na fronteira

Outra demanda fundamental feita polos gobernos locais é a **coordinación entre os Estados español e portugués na posta en marcha das medidas de *desescalada*, “evitando partir en dous as eurociudades existentes e os territorios transfronteirizos en xeral”**.

A declaración conxunta destaca tamén a necesidade dunha **“avaliación de danos económicos nos sectores máis afectados promovendo propostas de axuda e estudos de viabilidade”, e a elaboración de “políticas de apoio coa participación dos axentes locais e dos actores socioeconómicos do territorio”, engadiu Benítez.**

“A quebra da actividade produtiva e comercializadora do sector primario, e singularmente da pesca de lamprea e da pesca marítima, deben constituír unha oportunidade para aplicar políticas de conservación e rexeneración dos

recursos, que teñan efectos favorables na natureza e na xestión do recurso natural no futuro”, inclúe o texto. Neste sentido, os e as rexedoras consideran importante “pactar entre Estados unha dinámica única e coordinada, de conservación e de explotación, en termos de xustiza e de eficacia das políticas sobre o río e os recursos naturais comúns”, prosegue a declaración.

Por último, o AECT Río Miño preséntase como o mellor instrumento para propor medidas conxuntas que non produzan desequilibrios entre ambas as beiras do río Miño polo seu coñecemento do terreo e o seu carácter internacional.

Os concellos do AECT Río Minho apostan pola apertura de novos pasos fronteirizos como medida de alivio para as traballadoras e traballadores que deben cruzar cada día

Os gobernos miñotos destacan ademais a

importancia dunha desescalada coordinada entre as dúas marxes que non creeesequilibrios no territorio

“É vital que o peche de fronteiras non vaia máis alá do fin dos estados de alarma e emerxencia de España e Portugal”, advertiu Uxío Benítez

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño, dirixido polo deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, reuniuse hoxe cos dirixentes do territorio miñoto para analizar conxuntamente o impacto socioeconómico que a pandemia do Covid-19 está a ter nesta rexión. A reunión, que se desenvolveu de xeito telemático e gozou dunha grande participación e interese, contou ademais coa asistencia da presidenta da [Deputación de Pontevedra](#), Carmela Silva, quen amosou a súa preocupación ante as circunstancias actuais e ofreceuse a trasladar a mensaxe do AECT Río Minho e das alcaldías ante os estamentos necesarios.

A reunión forma parte do [estudo encargado polo AECT Río Minho](#) e a Deputación de Pontevedra para obter un primeiro diagnóstico da actual situación á que se enfrenta o territorio. As conclusións deste traballo trasladaranse esta mesma semana aos gobernos e ministerios pertinentes de ambos estados para que sexan estudadas e se poidan aplicar as decisións máis axeitadas, explicou o director do AECT, Uxío Benítez.

Apertura de novos pasos fronteirizos

Unha das principais ideas sobre a mesa, e na que a totalidade dos gobernantes coincidiu, foi a necesidade de apertura de novos pasos fronteirizos como “unha medida de alivio” para as economías locais e sobre todo para “os e as traballadores transfronteirizos que cada día deben trasladarse a quilómetros de distancia para acudir aos seus postos de traballo”.

Segundo apuntou o director do AECT, Uxío Benítez, neste momento, a única fronteira aberta no territorio é a da ponte de Tui – Valença, un tramo que agora mesmo “concentra preto do 49% do total da mobilidade entre España e Portuga”, sendo con diferenza o máis transitado do total de 9 pasos habilitados entre os dous estados.

Ata el teñen que trasladarse obrigatoriamente as traballadoras e traballadores transfronteirizos dunha e outra beira do río, algúns asumido “distancias de máis de 60 km entre a ida e volta para poder chegar ata polígonos ou empresas que de outro xeito quedaban a escasa distancia dos seus domicilios”, segundo explicou a alcaldesa de Tomiño, Sandra González. Esta situación, que ademais afecta a unha poboación “cun nivel económico medio baixo, está provocando que algunhas persoas incluso se viran obrigadas a abandonar os seus postos de

traballo polo incremento nun custes de desprazamento que se fan inasumibles fronte a uns soldos baixos que ás veces non superan os 600€”, aclarou González, un argumento no que redundou a alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, quen ademais propuxo como solución inmediata “unha apertura parcial, por exemplo, en varias franxas horarias”.

A pesar do acordo na necesidade de abrir novos pasos transfronteirizos, todos os e as gobernantes asumiron tamén que esta medida débese tomar baixo “os máis estrictos medios de control e seguridade, os mesmos que xa hai no paso de Tui – Valença que eviten unha volta atrás ou novos confinamentos”, segundo apuntou o presidente da câmara de Melgaço, Manoel Batista. “Non se trata de abrir as fronteiras para que circule calquera persoa”, explicou Benítez, senón de ofrecer “unha mellora” para aquelas persoas que “máis están a sufrir o dobre golpe da pandemia por atoparse na fronteira e nun territorio fortemente interrelacionado”.

“Debemos asumir que, infelizmente esta crise pódese prolongar no tempo polo que a seguridade sanitaria é imprescindible, advertiu o rexidor de Monção, Antonio Barbosa.

Coordinación nas medidas de desescalada

Outro dos puntos en común na reunión foi a necesidade de coordinación entre o goberno luso e o español durante as medidas de desescalada. Uxío Benítez lamentou que “un ritmo diferente de desescalada poida provocar friccións nun territorio no que a dependencia económica ente ambas marxes do río é moi forte”. Unha idea tamén defendida polo alcalde de A Guarda, Antonio Lomba, quen tamén apuntaba á necesidade de abrir vías, a medio prazo, para facilitar os desprazamentos ata o aeroporto Sá Carneiro de Porto, entre outros.

Esta dependencia é facilmente palpable nalgunhas vilas, como a de Valença, onde o 90% do comercio do municipio está dirixido á poboación galega, segundo achegou o presidente da cámara de Valença, Manoel Lopes. Un caso similar é o de Cerveira, onde a economía local depende en grande parte das feiras e mercadiños, segundo apuntou o presidente da cámara e vicedirector do AECT Rio Minho, Fernando Nogueira, consciente de que a “loxística non é fácil”. Xunto coa saúde a economía debe ser o segundo que se atenda, advertiu o presidente de Paredes de Coura, Vitor Pereira, pensando no medio prazo e nunha estratexia conxunta.

Apertura de fronteiras tras o cede dos estados de emerxencia e alarma

Outra das preocupacións máis repetidas ao longo da xuntanza

por parte dos
alcaldes e alcaidesas do territorio foi a de que o peche de
fronteiras non se
prolongase máis alá da suspensión dos estados de emerxencia e
alarma de España
e Portugal algo que podería incrementar aínda máis as secuelas
da pandemia
neste territorio tan interdependente polo que se fai necesaria
unha estratexia
conxunta. Neste senso a alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernandez,
fixo fincapé na
“importancia que as relacións de proximidade van ter a partir
de agora, non só
a relevancia que van ter as administracións locais, senón o
noso entorno máis
próximo como espazo para relacionarnos”.

A este respecto, Xosé Manuel Rodríguez, rexidor de As Neves,
sinalou a necesidade de realizar un estudo conxunto da
economía e da hostalaría no territorio transfronteirizo e de
como se verá afectado e propuxo estudar a posibilidade de
regular a pesca e a súa venda xa que a pandemia afectou
fortemente a este sector en máxima temporada de lamprea.

0 AECT Rio Minho

0 AECT Rio Minho constituíuse formalmente o 24 de abril de
2018 e está formado pola Deputación Pontevedra e a Comunidade
Intermunicipal do Alto Minho. A súa creación foi impulsada a
través do proxecto Smart Minho, do que pasou posteriormente a
formar parte como socio.

0 proxecto de cooperación transfronteiriza [Smart Minho](#) está

cofinanciado ao 75 % por fondos FEDER, cun orzamento total de 942.022,47 euros a través do [Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 \(INTERREG V-A\)](#).

A Deputación e o AECT Río Minho encargan un estudo de urxencia sobre o impacto socioeconómico do peche das fronteiras no río Miño a causa do Covid-19

O AECT advirte de que “o efecto da pandemia nas fronteiras é dobre” e reclama “unha especial atención por parte das autoridades europeas cara estes territorios”

A Deputación de Pontevedra, en colaboración coa Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza Río Minho, realizará un estudo de urxencia sobre o impacto socioeconómico que o peche de fronteiras provocado pola pandemia do Covid-19 está a ter sobre o territorio transfronteirizo do río Miño.

O director do AECT e deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, explicou que o territorio do río Miño transfronteirizo vese afectado á súa vez polo decreto de estado de alarma español e o estado de emerxencia portugués. A recuperación das fronteiras, [xusto cando se está a producir o 25 aniversario do Tratado de Schengen](#), e a supresión do tránsito en lugares de paso, “supoñen unha limitación adicional ao do resto de territorios”, indicou o deputado provincial. “O efecto da pandemia na fronteira é dobre, incide sobre a saúde e a economía local, como en todas partes, pero ademais afecta aos fluxos transfronteirizos nun territorio fortemente interrelacionado”.

“Atopámonos nunha etapa na que se están a construír Eurociudades, servizos públicos e organismos compartidos, e sobre todo na que a vida cotiá das persoas, das familias e das empresas desenvólvese nas dúas beiras do río, de xeito que as limitacións teñen aquí un impacto diferente e máis profundo ao que é necesario atender”, advertiu o director do AECT Rio Minho.

Por outro lado, Uxío Benítez dirixiuse ás autoridades europeas para reclamar “unha especial atención e medidas concretas para os territorios transfronteirizos que son os que máis están acusando esta crise”.

O estudo realizarase a través de entrevistas, telefónicas ou por videoconferencia, con representantes políticos e sociais de todos os concellos

do Miño de ambas beiras e un seguimento dos medios de comunicación e das redes sociais. “Este informe permitiranos dimensionar nun primeiro achegamento o impacto territorial e tomar decisións de modo inmediato con independencia da necesidade de maiores e máis amplios estudos posteriores”, aclarou Benítez.

Galiza e Portugal, hoxe máis que nunca, unidos de corazón no 25 aniversario da eliminación das fronteiras europeas

O AECT Rio Minho destaca a relevancia dos territorios transfronteirizos ante a situación desencadenada pola pandemia do COVID19 e comprométese fortalecer a cooperación no territorio do Río Miño

En marzo de 1995 entraba en vigor o [Tratado de Schengen](#), e nacía unha Europa sen fronteiras onde a libre circulación de persoas e mercadorías quedaba permitida. Precisamente cando se conmemoran 25 anos daquel feito histórico, co aniversario da eliminación das fronteiras europeas, vemos como a terrible expansión da pandemia do COVID19 obrigou aos diferentes estados da Unión Europea a tomar unha decisión sen precedentes, reconstruír as vellas fronteiras que dividiron os seus pobos durante séculos.

A situación excepcional na que nos atopamos pon de manifesto a importancia e a interrelación dos territorios transfronterizos como é o caso do Río Miño, o paso fronteirizo máis poboado entre España e Portugal e o máis transitado da península Ibérica, así como as enormes consecuencias que supón para estes enclaves a recuperación das vellas fronteiras.

Tralo aniversario da eliminación das fronteiras europeas, Galiza e Portugal máis unidos ca nunca

Ademais do confinamento que vive toda a poboación, tanto galega como portuguesa, o territorio transfronterizo do Río Miño está a sufrir un dobre golpe. Pechar as fronteiras é unha decisión que se toma dende os gobernos centrais de cada un dos estados, moitas veces ignorando a realidade e o día a día dos territorios

transfronteirizos, onde a vida se desenvolve en común entre unha beira e outra do río, nomeadamente as restricións impostas aos traballadores e traballadoras transfronteirizos. Con todo, e no contexto actual, esta decisión revélase necesaria e oportuna en prol da seguridade e da saúde pública da poboación.

Este é un momento para a solidariedade e a cooperación entre Estados pero tamén para a responsabilidade cidadá. É necesario que polo ben de todos e todas fiquemos nas nosas casas ata que o perigo do contaxio estea superado. Hoxe, máis que nunca, Galiza e Portugal están unidos de corazón para facer fronte a adversidade. Dende o [AECT Rio Minho](#) seguiremos traballando por mellorar a calidade de vida das persoas que viven no territorio transfronteirizo e loitando por unha Europa dos pobos, sen fronteiras, unida e forte, onde as políticas de cooperación, saúde e benestar sexan sempre unha prioridade.

Uxío Benítez Fernández	João Fernando Brito Nogueira
Director do AECT Rio Minho e deputado de Cooperación Transfronteiriza	Vice director do AECT Rio Minho e presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira

A 'Estratexia de Cooperación Transfronteiriza 2030' xa está dispoñible para a súa consulta e descarga

O documento está pendurado na pestana de accións da web www.smartminho.eu

A 'Estratexia de cooperación transfronteiriza 2030' [xa está dispoñible para a súa consulta e descarga](#) na web do proxecto [Smart Minho](#). O documento é o resultado dunha profunda análise económica e social do territorio elaborada por especialistas, axentes políticos e sociais e contou cunha importante participación cidadá a través da organización de varias mesas temáticas, dous foros públicos e un espazo virtual de consultas na web. Segundo explicou o deputado de Cooperación Transfronteiriza e director do AECT Río Minho, Uxío Benítez, trátase “dun traballo innovador que permitirá activar o territorio nunha lóxica unitaria e coherente” e servirá como guía das actuacións en materia de cooperación transfronteiriza para o territorio durante a próxima década.

A
Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030
estabelece un plan de acción en base a cinco eixos

estratéxicos:

gobernanza e programas de servizos conxuntos; turismo sustentábel e

responsábel; cultura transfronteiriza; mobilidade sustentable, e sustentabilidade

e economía innovadora. A Estratexia senta as bases das actuacións, pero “este é

un documento vivo, unha ferramenta dinámica a partir da cal se irán definindo

as accións concretas”, apuntou Benítez.

0

documento pode ser consultado en galego e portugués e proximamente tamén será

publicado en papel en dúas edicións bilingües, unha de galego – portugués e

outra de castelán – inglés.

A elaboración da Estratexia Rio Minho 2030 é o principal produto do proxecto de cooperación transfronteiriza Smart Minho, do que son [socios](#) a Deputación de Pontevedra, o CIM Alto Minho, o AECT Rio Minho e a Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais.

Outras accións do proxecto Smart Minho, cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (POCTEP 2014-2020), son a elaboración dun [Plan de Mobilidade Transfronteiriza Sustentable](#) ente o sur da provincia de Pontevedra e o norte de Portugal ou a acción de [Tesouros Humanos Vivos](#), un traballo de recuperación da memoria histórica galego portuguesa e posta en valor deste importante patrimonio inmaterial a través de actividades en escolas, realización dun documental, edición

dun libro e creación dunha base de datos pública con toda a información recompilada.

O AECT Río Miño aproba o plano de actividades e orzamento para 2020

A asemblea xeral da Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Río Miño, AECT Río Miño, vén de aprobar o plano de actividades e orzamento para 2020, cun investimento global de cerca de 300.000 euros cofinanciado en parte polo Programa Interreg V A.

No 2020, o [AECT Río Miño](#) reforzará a creación de redes de dinámicas locais de cooperación transfronteiriza das eurociudades do río Miño a través do lanzamento do proxecto 'Rede de apoio ás dinámicas locais de cooperación do Río Miño Transfronteirizo-Red LaB Minho', así como o desenvolvemento da 'Estratexia de cooperación intelixente para o Río Miño Transfronteirizo – [Smart Minho](#)', ambos cofinanciados polo Programa Interreg V A.

Destacan, neste último, o desenvolvemento de [proxectos](#) piloto de mobilidade sustentable, no ámbito do Plan de Mobilidade Sustentable Transfronteiriza; as accións de promoción do patrimonio cultural inmaterial transfronteirizo e a dinamización de fóruns culturais, co obxectivo de reforzar a cohesión dos axentes culturais locais transfronteirizos, con

vistas a crear alianzas para a posta en marcha de proxectos culturais en rede.

Como acto previo ao inicio da asemblea produciuse a toma de posesión dos novos e novas representantes da delegación da Deputación Provincial, composta polos alcaldes e alcaldesas dos concellos de Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Tomiño, O Rosal, A Guarda, Ponteareas, O Porriño e A Cañiza. A alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, será a nova secretaria da mesa da asemblea. Posteriormente, o director do AECT Río Miño e deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benitez, realizou a exposición do plano de actividades e o orzamento para o 2020.

As alcaldesas e alcaldes de Tomiño, O Rosal, Salceda, Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño, A Guarda, Ponteareas, O Porriño e A Cañiza tomaron posesión como novas representantes delegadas da Deputación de Pontevedra na asemblea celebrada esta semana

A identificación de obstáculos para a mobilidade transfronteiriza no territorio do río Miño e o deseño de propostas de solucións tamén serán prioridades a ter en conta neste exercicio buscando, por un lado, capitalizar os proxectos levados a cabo por Uniminho (saúde, transportes e medio ambiente) e, por outra banda, continuar participando na iniciativa B-Solutions – Boosting Growth and Cohesion in EU

Border Regions, promovida pola Comisión Europea e pola [Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa](#).

Tamén, no ámbito do proxecto Preservación e valorización do Río Miño Transfronteirizo – [Visit Rio Minho](#), cofinanciado polo Programa Interreg V A, poranse en funcionamento accións relacionadas coa estruturación e a promoción da marca Rio Minho, mediante a participación en feiras e a organización de viaxes de prensa ao territorio transfronteirizo.

Durante a reunión, a asemblea xeral do AECT Río Miño tamén aprobou a presentación das candidaturas para que ‘As artes de pesca nas pesqueiras do río Miño’ (continuando co traballo iniciado polo CIM Alto Minho, tamén no ámbito do proxecto Smart Minho, cofinanciado polo Programa Interreg V A), se rexistren no Inventario Nacional do Patrimonio Cultural Inmaterial en Portugal e nas listaxes estatais de Patrimonio Cultural en España.

O AECT Río Miño é un instrumento de cooperación con personalidade xurídica propia constituído en febreiro de 2018 pola Comunidade Intermunicipal do Alto Minho e pola Deputación Provincial de Pontevedra, con vistas a promover a cooperación territorial transfronteiriza.

As seis eurociudades da Raia

ibérica reúnense en torno ao AECT Río Minho para intercambiar experiencias

As xornadas sobre “Políticas e instrumentos para o desenvolvemento do Río Miño Transfronteirizo” organizadas pola [Deputación de Pontevedra](#) e o [AECT Río Minho](#), en colaboración coa [Universidade de Santiago de Compostela](#), continuaron en Tomiño cun encontro de todas as eurociudades da raia ibérica nunha palestra moderada polo director do [AECT Galicia – Norte de Portugal](#), Xosé Lago.

A cita permitiu coñecer de primeira man os traballos desenvolvidos polas seis entidades europeas da fronteira entre España e Portugal e compartir experiencias ao respecto dos similares retos que todas elas afrontan.

A cita tivo lugar na segunda sesión das xornadas sobre Políticas e instrumentos para o desenvolvemento do Río Miño

A encargada de abrir a mesa foi a presidenta da Eurociudad de Guadiana e alcaldesa de Ayamonte, Natalia Santos, un caso moi similar ao do Río Miño xa que agrupa a tres cidades “unidas

por un río”. A continuación foi a quenda do alcalde de Badajoz, Francisco Javier Fragoso, en representación da Eurocidade Badajoz-Elvas-Campomayor, un exemplo de que “se sumamos e agregamos, somos moito máis fortes” explicou o estremeño, que fixo fincapé na necesidade de “rachar coa mentalidade actual” de separar e “rachar coas fronteiras”.

Seguidamente, as catro eurocidades galego portuguesas, a da raia seca de Chavés-Verín, representada polo seu secretario executivo Pablo Rivera, e as tres do Río Miño, coa alcaldesa de Tomiño, Sandra González, o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro e o vicepresidente da Cámara Municipal de Monçao, João Oliveira, presentaron os seus diferentes proxectos.

A Cooperación Europea no mundo

A xornada tamén recolleu os relatorios dos especialistas en cooperación territorial, Martín Guillermo, secretario xeral da [Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas](#) (ARFE – AEBR) e o coordinador da AEBR GobaI Initiative, José María Cruz, que deron a coñecer varios casos exitosos de cooperación transfronteiriza dentro e fóra da Unión Europea.

Guillermo lembrou que “non hai nada mellor para demostrar que algúns países se equivocan pechando as súas fronteiras que ensinar o que conseguen aqueles que as abren” e citou varios exemplos positivos de cooperación no ámbito da saúde como o do hospital de Badajoz, compartido co municipio portugués de Elvas ou o famoso caso do Hospital de Cerdanya, en Girona, o primeiro netamente transfronteirizo de Europa.

Pola súa

banda, o coordinador da AEBR Global Initiative, José María Cruz, relatou varios

casos de cooperación transfronteiriza en Latinoamérica, un territorio onde “a

pesar de que non existe unha visión continental panamericana da cooperación

transfronteiriza, xa se teñen creado moitos proxectos interesantes dos que

tamén podemos aprender, e nos que vemos que atopamos os mesmos problemas que

nas fronteiras europeas, pero máis agudos, atopando por exemplo algunhas

situacións de pobreza extrema nas zonas periféricas dos países, unha crecente

tensión ou problemas na xestión e explotación de recursos naturais

fronteirizos”.

Entre os

casos latinoamericanos, Cruz quixo destacar, “polas semellanzas que pode ter co

caso do Río Miño” o proxecto do Tramo medio do río Uruguai, entre Arxentina,

Uruguai e Brasil, un dos máis coñecidos do continente polos seus resultados.

A Deputación reúne en Tomiño a especialistas para buscar novos mecanismos de financiamento para a Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030

No encontro, liderado polo AECT Río Miño, analizarase o próximo marco financeiro europeo con representantes do Ministerio de Economía e Facenda, Consellería de Facenda, CCDR-N e Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas

Na segunda xornada celebrarase un foro con todas as eurocidades da fronteira ibérica para intercambiar experiencias

Os días 18 e 19 de novembro a Deputación de Pontevedra reunirá en Tomiño a administracións públicas estatais e rexionais de España e Portugal, especialistas en financiamento europeo e representantes das entidades locais do territorio miñoto, para estudar o futuro financiamento da estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030, con vistas ao novo marco financeiro europeo.

Será nunhas xornadas organizadas conxuntamente pola institución provincial e o Grupo Ante da Universidade de Santiago de Compostela, segundo anunciou o director do [AECT Rio Minho](#), Uxío Benítez.

Á cita en

Tomiño acudirán destacados expertos en financiamento europeo como o secretario xeral da Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (ARFE),

Martín Guillermo; o coordinador da ARFE Global Initiative, José María Cruz; o

consultor para a Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión

Europea (DG Regio), Jonatan Paton; representantes do Ministerio de Hacienda e da Consellería de

Facenda da Xunta de Galicia; da Comisión de Coordinación de Desenvolvemento

Rexional do Norte de Portugal e da AECT Galicia – Norte de Portugal.

Tamén estarán en Tomiño os principais actores locais do territorio, as tres eurociudades do Miño (Tui – Valença, Tomiño – Cerveira e Salvaterra – Monçao) e as alcaldías e cámaras municipais transfronteirizas, liderados polo AECT Rio Minho, para estudar conxuntamente os mecanismos de financiamento das accións incluídas dentro do documento estratéxico galego portugués.

ITI Río Miño

Segundo

explica Benítez, o encontro servirá para afondar na proposta de formulación “dun

innovador mecanismo da Unión Europea pouco coñecido en Galiza pero xa implementado con éxito noutros territorios como é o Investimento Territorial Integrado (ITI)” que, segundo apuntou o deputado, “será o instrumento axeitado para a financiar o Plano de Acción da Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030, dado o seu carácter de integración nun mesmo programa dos diferentes instrumentos de financiamento, tanto europeo, como estatal e rexional. “Un ITI transfronterizo permitiría empregar de xeito máis eficaz os fondos para o desenvolvemento territorial”, engadiu Benítez.

Precisamente, para “coñecer o funcionamento dos ITI e as súas posibilidades convidamos a participar nas xornadas ao único exemplo de ITI transfronteirizo da Unión Europea”, explicou Benítez, “o italoesloveno de de Gorizia/Nova Gorica/ Sempeter-Vrtojba, ademais doutros exemplos como o ITI portugués do Alto Minho e os implementados en Aragón, Andalucía e Castilla la Mancha, xa no ámbito español.”

As xornadas continuarán o martes 19 cunha reunión de todos os representantes as eurociudades da fronteira ibérica para o intercambio de experiencias e boas prácticas na que participarán entre outros a alcaldesa de Ayamonte, Natalia

Santos (Eurociudad del Guadiana); o rexedor de Badajoz, Francisco Javier Fragoso (Eurociudad de Badajoz – Elvas); o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro (Eurocidade Tui – Valença); a alcaldesa de Tomiño, Sandra González (Eurocidade Tomiño – Cerveira), e o secretario executivo da Eurocidade Chaves Verín, Pablo Búa.

As xornadas están abertas á participación pública mediante inscrición a través da páxina web www.smartminho.eu/aect/xornadas/ onde tamén se pode consultar e descargar o programa completo e actualizado do encontro.

Tras a aprobación da Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030 no Consello Consultivo celebrado en Valença o pasado mes de abril, o documento foi presentado ante as máximas instancias do goberno español e portugués, presentada no 9º Encontro Anual da Plataforma de AECTs de Palma de Mallorca e ante a DGRegio en Bruxelas durante a Semana Europea das Rexións e das Cidades, cunha positiva recepción por parte de todas as entidades cara este traballo estratéxico na que a Deputación de Pontevedra leva traballando dende o ano 2017.

Alcaldes e alcaldesas galegos e presidentes das cámaras portuguesas do Miño participan na elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo

Os concellos e cámaras participantes poderán facer as súas achegas técnicas ata o 30 de novembro

O director do [AECT Rio Minho](#), Uxío Benítez, reuniuse en Valença cos alcaldes e alcaldesas e presidentes das cámaras portuguesas dos municipios do territorio para avanzar no desenvolvemento do Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo (PMST) e coñecer as súas impresións sobre o mesmo.

“Todos os axentes políticos do territorio temos moito que dicir e precisamos cohesión nas demandas para o territorio dos dous Estados”, sinalou Uxío Benítez, que remarcou o carácter multidisciplinar das problemáticas relacionadas coa mobilidade transfronteiriza. O Plan, que se atopa en fase de redacción, incorporará as achegas dos equipos

técnicos dos concellos e cámaras ata o 30 de novembro, e será presentado oficialmente a principios do 2020.

A xuntanza, presidida polo director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, contou coa presenza do presidente da Cámara de Caminha, a alcaldesa de Tomiño, o alcalde de A Guarda, a alcaldesa do Rosal, os presidentes das Cámaras de Paredes de Coura, Valença, Monçao, o alcalde de As Neves, os presidentes das Cámara de Vilanova de Cerveira e Melgaço, os alcaldes de Mondariz, A Cañiza e Salvaterra, o técnico do CIM-Alto Minho e os representantes do AECT Rio Minho Antonio Torras e Lois Pérez Castrillo.

Os alcaldes remarcaron a necesidade de apostar de xeito cooperativo, a curto e longo prazo, por un proxecto de mobilidade que preste atención a particularidades do territorio relacionadas co crecemento Camiño de Santiago, o transporte de mercadorías ou os movementos de traballadores a través da fronteira.

0 Plan de Mobilidade

0 [Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo](#) ten por obxectivo implantar formas de desprazamento máis sostibles logrando, ao mesmo tempo, garantir a conectividade real do territorio cos principais nodos de atracción.

0 Plan propón un total de 22 medidas en torno a sete liñas de

actuación, centradas na mellora dos desprazamentos en modos non motorizados, do transporte público, da mobilidade de persoas de mobilidade reducida; do transporte a grandes áreas e centros receptores de viaxes, da seguridade viaria, medidas medioambientais e outras actividades de mobilidade.

O Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo aposta por situar ás persoas no centro da planificación dun extenso territorio: a fronteira ibérica máis transitada e a que ten un maior fluxo de vehículos de media (47%) entre España e Portugal. Abrangue máis de 3.300 km² de territorio, inclúe a 26 municipios galegos e portugueses e a unha poboación de ao redor de 376.000 persoas. Con este Plan podería iniciarse un camiño de mellora da mobilidade sustentable entre ambas beiras do Río Miño.

Smart Minho

O Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo enmárcase dentro do proxecto Smart Minho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 % por fondos FEDER, cun orzamento total de 942.022,47 euros.

O AECT Rio Minho creará un foro estable de gastronomía e turismo que reúna ao sector privado e aos axentes públicos para impulsar a marca Rio Minho

Uxío Benítez salientou “a importancia de traballar de xeito conxunto para ofrecermos un produto máis completo e mostrar ao mundo todo o que temos de bo no noso territorio”

O director do [AECT Rio Minho](#), Uxío Benítez, participou na inauguración da I Xornada de Gastronomía do Rio Minho, celebrada en Caminha, nun acto no que estivo acompañado polo director da Fundación CEER, Valerià Paül; a concelleira de Festas da Guarda, Elena Baz; e o presidente da Cámara Municipal de Caminha, Miguel Alves.

Benítez aproveitou a ocasión para amosar a súa satisfacción polo éxito do Congreso Turístico que tivo lugar na Guarda e co que se abría este [I Encontro de Gastronomía e Turismo do Rio Minho](#) e anunciar “a creación dun foro estable que reúna ás empresas do sector turístico e da gastronomía, e do que tamén formen parte os axentes públicos que estamos traballando día a día polo sector, para que deste modo poidamos camiñar de forma

conxunta e coordinada, e cunha estratexia común para impulsar esta [marca Rio Minho](#) que ten tanto que ofrecer ao mundo”.

O director do [AECT Rio Minho](#) salientou que eventos como este I Encontro de Ecoturismo e Gastronomía son unha oportunidade para “mostrar ao mundo todo o que temos de bo no noso territorio”, e reiterou que “ao facelo xuntos e xuntas ofreceremos un produto máis completo”. Benítez apuntou que esta era a primeira vez que se realizaba un foro deste tipo con representantes institucionais dunha e outra beira do Miño pero “que con seguridade non sería último”. Ademais, fixo fincapé na importancia da presenza e participación no evento de empresas do sector privado como ocorreu na xornada de onte e na de hoxe “que son as que traballan día a día polo noso turismo”.

“É necesario que se continúe facendo este tipo de accións e deseñar un camiño cunha estratexia común para ser máis eficientes e competitivos co obxectivo final de atraer máis visitantes”, apuntou.

Proxecto Visit Rio Minho

O deputado lembrou que o I Encontro de Gastronomía e Turismo do Rio Minho é unha iniciativa que forma parte do [proxecto de Cooperación europea Visit Rio Minho](#), cofinanciado ao 75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, “orientado á promoción e preservación do territorio, e que ten por obxectivo “atraer visitantes a esta rexión con accións que xa se están executando nunha e outra beira e coa creación da marca Rio Minho, que temos hoxe aquí”.

Ao longo da xornada tiveron lugar diferentes actividades relacionadas coa gastronomía e a industria vitivinícola. Tras un debate con expertos e expertas de diferentes ámbitos académicos e profesionais o *chef* Alberto González do restaurante Silabario de Vigo ofreceu un *showcooking* con produtos do territorio. Xa pola tarde foi a quenda para as degustacións e catas de viños, cervexas e lamprea e microcharlas que ofreceron unha visión completa da gastronomía a través da antropoloxía, a historia e as actividades no territorio.